



Programa Municipal Educa Saúde

C.E.I.P. Concepción Arenal

A Coruña, 12 de Novembro de

2014

Estimad@s nais e pais:

Informámoslles que se puxo en marcha no centro docente ó que acode o seu fill@ o programa **EDUCA SAÚDE**, organizado polo Concello da Coruña a través da súa Concellaría de Educación e a Fundación María José Jove.

O obxectivo do programa é axudar a mellorar o benestar dos escolares de Infantil e Primaria da nosa cidade, achegando coñecementos e habilidades por medio dun completo programa de educación sanitaria que contempla a saúde no seu concepto máis amplo: física, psicolóxica e social.

Entendendo que a mellor forma de aprendizaxe para un nen@ é o que ve e vive na súa propia casa, este programa organiza **actividades** dirixidas a eles pero tamén ás súas nais, pais e familiares, como medio para conseguir auténticos cambios de hábitos que sirvan de exemplo e referencia ós nos@s fill@s.

Pola mañá e en horario lectivo, impartiranse aos nen@s actividades apropiadas para cada idade e pola tarde a partir das 16 horas impartiranse aos familiares actividades similares, que terán unha duración aproximada de hora e media. Para todo iso, **contamos cun equipo amplo de profesionais con gran formación e experiencia en educación para a saúde infantil: 4 pediatras, 2 enfermeiras pediátricas, 2 matronas, 2 educadores sociais e 2 psicólogos.**

Simultaneamente ás sesións dirixidas ás nais, pais e familiares, desenvolveranse uns **talleres emocionais** para @s nen@s, o que complementará as súas sesións formativas e permitirá liberar aos maiores para que acudan á súa sesión correspondente.

No cadro adxunto informámoslles das sesións específicas que realizará o seu fill@ e as que están previstas para vostedes.

A súa participación é fundamental e por iso animámoslles a asistir, para que os seus fill@s poidan beneficiarse ao máximo desta iniciativa.

Un cordial saúdo

Director da Área de Educación
Concello de A Coruña

Carlos Varela
Coordinador médico
Programa Educa Saúde

Dr. Ángel López-Silvarrey

Juan Carlos Varela Vázquez
Director del Área de Educación
Ayuntamiento de Coruña

Silvarrey

**** NO REVERSO DA CARTA APARECEN RECOLLIDAS NUN CADRO A SESIONS QUE LLES CORRESPONDE A VOSTEDES E ÓS SEUS FILLOS, ASÍ COMA UN BREVE RESUMO DOS CONTIDOS DE CADA UNHA DAS SESIÓNS.**

1º, 2º, 3º EDUCACIÓN PRIMARIA					
SESIÓN	CURSO	DATA	NEN@S	SESIÓN PARA TODOS OS PAIS, NAIS E FAMILIAS 1º, 2ºe 3º DE PRIMARIA	LUGAR
MÉDICA	3º Primaria	10/11/14	EN HORARIO ESCOLAR	13/11/14 16:00h a 17:30h	CENTRO ESCOLAR
	2º Primaria	03/12/14			
	1º Primaria	01/12/14			
PSICO-SOCIAL	3º Primaria	19/11/14	EN HORARIO ESCOLAR	19/11/14 16:00h a 17:30h	CENTRO ESCOLAR
	2º Primaria	10/12/14			
	1º Primaria	16/12/14			
EDUCACIÓN SOCIAL	3º Primaria	25/11/14	EN HORARIO ESCOLAR	01/12/14 16:00h a 17:30h	CENTRO ESCOLAR
	2º Primaria	28/11/14			
	1º Primaria	12/12/14			
AFECTIVO-SEXUAL	3º Primaria	-----	SEN SESIÓN	12/12/14 16:00h a 17:30h	CENTRO ESCOLAR
	2º Primaria				
	1º Primaria				

CONTIDO DAS SESIONS:

- **Sesión MÉDICA:** Alimentación Saudable, Prevención da Obesidade, Actividade Física, Ocio Activo e Saudable, Enfermidades máis comúns na infancia e Prevención de Accidentes.
- **Sesión PSICO-SOCIAL:** Habilidades sociais, Relación coa familia e os compañeiros, Resolución de conflitos, Cómo afrontar celos, perrenchas, *Bulling...*
- **Sesión ED. SOCIAL:** Ocio e Tempo Libre, Fomento do Ocio Activo e Deporte fronte á TV e os Videoxogos, Prevención de drogodependencias (Alcohol e Tabaco).
- **Sesión AFECTIVO-SEXUAL:** Diferenzas neno-nena, Os cambios do corpo na adolescencia (entendelos e aceptalos), Compatibilización dos sentimentos amorosos cunha sexualidade saudable, A masturbación e cómo falar de sexo cos nosos fillos.

Nota:

- O contido das sesións adaptárase en función do grupo de idade ó que vai dirixido.
- Recorden que, para facilitar a súa asistencia e participación nesta actividade, paralelamente ás sesións dirixidas a vostedes, @s nen@s poderán asistir a un "taller emocional".